



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025694	Moncho Valcarce	Pontes de García Rodríguez (As)	2015/2016

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0071	Ensaio biotecnolóxicos	2015/2016	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Elaboración	DAVILA FERRACES, FRANCISCO JOSÉ
Impartición	DAVILA FERRACES, FRANCISCO JOSÉ

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do Técnico superior en Laboratorio de Análise e Control de Calidade consiste en organizar e coordinar as actividades de laboratorio e o plan de mostraxe, realizando todo tipo de ensaios e análises sobre materias e produtos en proceso e acabados, orientados á investigación e ao control de calidade, así como interpretar os resultados obtidos, actuando baixo normas de boas prácticas no laboratorio.

Estas persoas exercen a súa actividade en empresas ou laboratorios de distintos sectores onde cumpra realizar ensaios físicos e fisicoquímicos, e análises químicas e instrumentais en materias e en produtos orientados ao control de calidade e á investigación, así como naqueles en que sexa preciso realizar probas microbiolóxicas e biotecnolóxicas en áreas ambientais ou de alimentación, entre outras.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción e transformación.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Laboratorios forenses.
- Laboratorios de alimentos.
- Laboratorios de análises clínicas
- Laboratorios de I+D+i.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo :

- b) Identificar e caracterizar os produtos que se deban controlar, analizando a documentación específica asociada, para seleccionar o método de análise máis axeitado.
- f) Identificar as técnicas analíticas e analizar as súas vantaxes e as súas aplicacións, para realizar ensaios e análises.
- g) Analizar e interpretar os datos obtidos, e identificar as técnicas de presentación de resultados, para avaliar a validez destes.
- h) Describir as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais, identificando a normativa aplicable aos procedementos de traballo, para asegurar o cumprimento de normas e medidas de protección ambiental.
- i) Recoñecer programas informáticos de tratamento de datos e de xestión en relación co procesamento de resultados analíticos, para os aplicar ás actividades do laboratorio.

Tamén as competencias:

- b) Preparar e manter nas condicións establecidas os materiais e os equipamentos necesarios para a determinación analítica da mostra.
- c) Organizar o plan de mostraxe e realizar a toma de mostra aplicando normas vixentes establecidas.
- f) Avaliar os datos obtidos da análise, redactar os informes técnicos correspondentes e rexistralos nos soportes establecidos.
- g) Asegurar o cumprimento de normas e medidas de protección ambiental e prevención de riscos laborais en todas as actividades que se realizan no laboratorio.
- h) Aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación propias do laboratorio, así como manterse unha continua actualización nelas.
- i) Manter a limpeza e a orde no lugar de traballo, e cumprir as normas de competencia técnica e os requisitos de saúde laboral.
- j) Efectuar consultas á persoa axeitada cando cumpra, saber respectar a autonomía das persoas subordinadas e informar cando sexa conveniente.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Realización de extraccións de proteínas e cadeas nucleotídicas, aplicando a técnica seleccionada e utilizando equipamentos apropiados, así como a documentación necesaria.
- Clonación de cadeas nucleotídicas aplicando procedementos de bioloxía molecular.
- Identificación de microorganismos e proteínas aplicando ensaios inmunolóxicos e xenéticos.
- Avaliación de medidas de prevención considerando os riscos asociados á biotecnoloxía.
- Identificación de axentes tóxicos e mutaxénicos aplicando ensaios de toxicidade e mutaxénese.

As actitudes que se deben ter en conta na realización de análises biotecnolóxicas, segundo o proceso e a calidade requirida, son relativas a:

- Aplicación das medidas de seguridade e dos equipamentos de protección individual na execución da análise
- Aplicación de criterios de calidade en cada fase do proceso.



- Aplicación da normativa de protección ambiental relacionada cos residuos, aspectos contaminantes e o seu tratamento.
- Detección de fallos ou desaxustes na execución das análises mediante a verificación e valoración dos resultados e a reparación ou mantemento de útiles, cando proceda.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0071_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Introdución á Biotecnoloxía. Características xerais das biomoléculas	A biotecnoloxía ao longo da historia. A biotecnoloxía hoxe e no futuro. O laboratorio de biotecnoloxía. As biomoléculas portadoras de información: as proteínas e os ácidos nucleicos	12	8	X	X		
2	As proteínas: extracción e separación	Bioquímica estrutural: aminoácidos, proteínas. Enzimas: natureza, cinética, inhibición. Importancia das enzimas nos alimentos. Extracción e purificación de proteínas. Centrifugación. Fraccionamento. Diálise. Cromatografía. Técnicas electroforéticas	16	14	X		X	
3	Os ácidos nucleicos: extracción e purificación	Bioquímica estrutural: ácidos nucleicos. Tipos de ac. Nucleicos. Extracción e purificación de ac. Nucleicos. Técnicas electroforéticas	18	14	X			
4	Tecnoloxía do ADN recombinante	Clonación do ADN: enzimas de restrición, vectores de clonación, introdución do vector de clonación. Aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante. Corte e unión de fragmentos de ac. Nucleicos. Introdución do vector no hóspede axeitado. Preparación de medios de cultivo axeitados. Técnicas de tipo molecular: POLYMERASE CHAIN REACTION (PCR)	18	14	X	X		
5	Amplificación de ácidos nucleicos mediante PCR	Clonación de secuencias de polinucleótidos e separación das mesmas segundo as súas características moleculares. Clonación do ADN recombinante: aplicacións	12	14		X		
6	Secuenciación de ácidos nucleicos. Ferramentas bioinformáticas	Técnicas de secuenciación. Bancos de datos moleculares	18	14	X	X		
7	Extracción de proteínas, separación por electroforese e identificación inmunolóxica.	Técnicas de extracción de separación e identificación de proteínas.	20	14	X		X	
8	Identificación molecular, serolóxica e/ou inmunolóxica de microorganismos. Identificación de axentes tóxicos e mutaxénicos	Técnicas moleculares, serolóxicas e inmunolóxicas de identificación de microorganismos. Tipos de toxinas: vexetais, animais, mariñas, microbianas, nos alimentos. Tóxicos. Tipos de tóxicos. Mutacións. Tipos de mutacións	12	8		X	X	X
Total:			126					



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución á Biotecnoloxía. Características xerais das biomoléculas	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Extrae proteínas e ácidos nucleicos, e relaciona a técnica seleccionada coa matriz da mostra.	NO
RA2 - Clona ácidos nucleicos aplicando os procedementos de bioloxía molecular.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer e comprender a importancia da biotecnoloxía ao longo da historia da humanidade. 1.2 Familiarizarse co amplo abano de aplicación actuais e futuras da biotecnoloxía	1	Introdución á biotecnoloxía. Breve historia da biotecnoloxía	4,0
2.1 Coñece-los principais equipamentos dun laboratorio de biotecnoloxía	2	O laboratorio biotecnolóxico	2,0
3.1 Coñece-la forma de traballo nun laboratorio de biotecnoloxía 3.2 Coñece-las medidas de seguridade biolóxica así como a lexislación aplicable	3	Boas prácticas de laboratorio	2,0
4.1 Coñece-la estrutura química dos aminoácidos e as proteínas 4.2 Coñece-la estrutura primaria, secundaria, terciaria e cuaternaria dunha proteína e a relación coa actividade biolóxica da proteína 4.3 Actividade enzimática	4	Características químicas das proteínas	2,0
5.1 Coñece-la estrutura química dun nucleótido 5.2 Polinucleótidos: funcións biolóxicas 5.3 Tipos de ac. nucleicos: ac. desoxirribonucleico, ac. ribonucleicos 5.4 Replicación, transcrición, tradución. O código xenético	5	Características químicas dos ácidos nucleicos	2,0
TOTAL			12

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as condicións de asepsia e de manipulación e eliminación de residuos.	• TO.1	S	9
CA1.2 Preparouse a mostra, os materiais e os reactivos consonte o material que se vaia extraer.	• TO.2	S	9
CA1.3 Descríbense os materiais e os reactivos necesarios para a extracción, con explicación da base científica e tecnolóxica en que se basean.	• PE.1	S	9



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Efectuouse a calibraxe e o mantemento dos equipamentos.	• TO.3	S	9
CA1.5 Descríbonse as fases do proceso de extracción.	• PE.2	S	9
CA1.6 Engadíronse os reactivos en orde para extraer o fragmento seleccionado da cadea.	• TO.4	S	9
CA1.7 Identifícanse as fontes de contaminación cruzada de mostras e soportes.	• PE.3	S	9
CA1.9 Aplícanse as pautas de prevención fronte a riscos biolóxicos.	• LC.1	S	9
CA2.1 Aplícanse técnicas de bioinformática para a procura de información e a realización de simulacións.	• TO.5	S	9
CA2.2 Descríbiuse como se obtén unha secuencia de ácidos nucleicos recombinante usando un diagrama de fluxo.	• PE.4	S	9
CA2.4 Preparáronse os materiais, os equipamentos e os reactivos.	• LC.2	S	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Material, reactivos e aparellos do laboratorio de biotecnoloxía.</p> <p>Normas de asepsia e seguridade.</p> <p>Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento de equipamentos.</p> <p>Xestión dos residuos.</p> <p>Manipulación de mostras en biotecnoloxía.</p> <p>Contaminantes que poden afectar á mostra durante á súa preparación.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Introdución á biotecnoloxía. Breve historia da biotecnoloxía - Descrición dos procesos biotecnolóxicos máis utilizados ao longo da historia. A biotecnoloxía hoxe. Importancia actual e expectativas de futuro. O pan e a cervexa	<ul style="list-style-type: none"> Sondar os coñecementos previos do alumnado sobre a biotecnoloxía Explicación dalgúns concetos básicos: biotecnoloxía, b. tradicional fronte a b. moderna. Importancia e beneficios da biotecnoloxía. Riscos e controversias en torno á biotecnoloxía. Aplicacións: alimentación, saúde, microorganismos, medio ambiente. Xenoma humano e clonación 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestionario de ideas previas Resolver cuestionario sobre os conceptos explicados na clase Lectura texto: "Cerveza, pan, queso (suculenta biotecnología) Contestación cuestionario sobre o mencionado texto 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os campos de traballo da biotecnoloxía actual e de futuro Comprender a importancia da biotecnoloxía ao longo da historia da humanidade 	<ul style="list-style-type: none"> Aula virtual. Apuntes elaborados polo profesor. Fotocopias de libros especializados. Computadora e canon de proxección 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 TO.2 	4,0
O laboratorio biotecnolóxico	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características diferenciais dun laboratorio de biotecnoloxía e das especificidades do traballo nel 	<ul style="list-style-type: none"> Observación do equipamento dispoñible no laboratorio Contestar cuestionario 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece-los principais equipos que poden atopar nun laboratorio de biotecnoloxía e relacionalos coa actividade para a que están deseñados 	<ul style="list-style-type: none"> Aula virtual. Apuntes elaborados polo profesor. Fotocopias de libros especializados. Computadora e canon de proxección. Equipamento de laboratorio dispoñible 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.1 PE.3 TO.3 	2,0
Boas prácticas de laboratorio	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das prácticas axeitadas nun laboratorio biotecnolóxico. Lexislación Presentación da actividade "biotecnoloxía da fabricación do pan" Presentación da actividade: Elaboración dunha cervexa artesanal 	<ul style="list-style-type: none"> Responder un cuestionario sobre as boas pácticas de laboratorio Realizar a actividade de laboratorio virtual "fabricación do pan". Entrega das actividades incluídas nel Elaboración de pan na aula utilizando ingredientes básicos e diferentes aditivos. Elaboración de cervexa artesanal utilizando un kit comercial 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece-las condicións de traballo e a normativa a ter en conta nun laboratorio de biotecnoloxía Coñece-lo proceso de elaboración do pan e a influencia que ten o uso de diferentes aditivos. Moletes de pan Producir cervexa utilizando o proceso da fermentación. Comprende-la importancia da fermentación para a humanidade 	<ul style="list-style-type: none"> Aula virtual. Apuntes elaborados polo profesor. Fotocopias de libros especializados. Computadora e canon de proxección. Equipamento de laboratorio dispoñible Ingrdientes para a elaboración de pan: fariña, fermento. Forno Kit comercial para a elaboración de cervexa 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.1 PE.3 TO.3 	2,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Características químicas das proteínas	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características químicas e estruturais dos aminoácidos e as proteínas. Enlace peptídico e estrutura das proteínas Métodos de identificación de aminoácidos e proteínas 	<ul style="list-style-type: none"> Resolver cuestións sobre biomoléculas Práctica 1: obtención de proteínas Práctica 2: recoñecemento de aminoácidos e proteínas Práctica 3: determinación de enzimas Práctica 4: determinación do punto isoeléctrico dunha proteína 	<ul style="list-style-type: none"> Obtención dunha disolución de proteínas a partir dunha mostra (ovo e leite) Identificación da presenza de proteínas e/ou aminoácidos nunha disolución Comprobación da presenza de enzimas nunha disolución Coñece-las características químicas dos aminoácidos e as proteínas e como estes determinan a súa actividade biolóxica Aprender a preparar disolucións seriadas. Manexo dun espectrofotómetro 	<ul style="list-style-type: none"> Material xeral de laboratorio Aula virtual. Apuntes elaborados polo profesor. Fotocopias de libros especializados. Computadora e canon de proxección Reactivos químicos Espectrofotómetro 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 PE.1 PE.2 PE.3 TO.1 TO.2 TO.3 TO.4 	2,0
Características químicas dos ácidos nucleicos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características químicas dos ac. nucleicos, as súas funcións biolóxicas e os mecanismos de replicación, transcripción e tradución do ADN en células eucariotas 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar prácticas de identificación de ácidos nucleicos Resolver cuestionarios referentes ás características químicas dos ácidos nucleicos e aos métodos de obtención de Adn 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación de ácidos nucleicos nunha mostra 	<ul style="list-style-type: none"> Aula virtual. Apuntes. Laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 LC.2 PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 TO.1 TO.2 TO.3 TO.4 TO.5 	2,0
TOTAL						12,0



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As proteínas: extracción e separación	16

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Extrae proteínas e ácidos nucleicos, e relaciona a técnica seleccionada coa matriz da mostra.	SI
RA3 - Identifica microorganismos e proteínas aplicando ensaios inmunolóxicos e xenéticos.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Obter disolucións de proteínas a partir de mostras naturais	1	Extracción de proteínas	4,0
1.2 Identificar a presenza de proteínas nunha disolución mediante reaccións específicas			
2.1 Aprender a utilizar o equipo necesario para realizar diferentes tipos de electroforese	2	Métodos cromatográficos	6,0
3.1 Coñece-lo uso de columnas de separación	3	Métodos electroforéticos	6,0
3.2 Aprende-lo mañexo dunha cubeta de electroforese			
TOTAL			16

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as condicións de asepsia e de manipulación e eliminación de residuos.	• LC.1	S	6
CA1.2 Preparouse a mostra, os materiais e os reactivos consonte o material que se vaia extraer.	• PE.1	S	6
CA1.3 Descríbense os materiais e os reactivos necesarios para a extracción, con explicación da base científica e tecnolóxica en que se basean.	• LC.2	S	6
CA1.4 Efectuouse a calibraxe e o mantemento dos equipamentos.	• PE.2	S	6
CA1.5 Descríbense as fases do proceso de extracción.	• PE.3	S	6
CA1.6 Engadíronse os reactivos en orde para extraer o fragmento seleccionado da cadea.	• TO.1	S	6
CA1.7 Identifícanse as fontes de contaminación cruzada de mostras e soportes.	• PE.4	S	6
CA1.8 Efectuouse o rexistro, a etiquetaxe e a conservación dos produtos extraídos para a súa posterior análise.	• TO.2	S	6
CA1.9 Aplicáronse as pautas de prevención fronte a riscos biolóxicos.	• TO.3	S	6
CA3.2 Descríbense as técnicas de preparación da mostra para ensaios xenéticos e inmunolóxicos.	• PE.5	S	6
CA3.3 Descríbense os materiais, os equipamentos e os reactivos implicados no ensaio.	• PE.6	S	6



Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.5 Aplicouse a técnica de electroforese para illar ácidos nucleicos e proteínas.	• TO.4	S	6
CA3.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación na realización do ensaio.	• PE.7	S	6
CA3.7 Efectuouse o informe correspondente e analizáronse os resultados.	• OU.1	S	6
CA3.8 Utilizáronse os equipamentos de protección individual e colectiva para previr riscos laborais asociados ao traballo en biotecnoloxía.	• TO.5	S	5
CA3.9 Controláronse e elimináronse os residuos para a súa posterior xestión segundo as normas establecidas.	• TO.6	S	5
CA3.10 Mantívose unha actitude de respecto polo medio nas actividades desenvolvidas.	• TO.7	S	6
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Material, reactivos e aparellos do laboratorio de biotecnoloxía.</p> <p>Eliminación de residuos.</p> <p>Normas de asepsia e seguridade.</p> <p>Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento de equipamentos.</p> <p>Xestión dos residuos.</p> <p>Manipulación de mostras en biotecnoloxía.</p> <p>Contaminantes que poden afectar á mostra durante á súa preparación.</p> <p>Rexistro e conservación de mostras.</p> <p>Preparación de mostras.</p> <p>Preparación de medios e equipamentos.</p> <p>Técnicas de extracción de proteínas.</p> <p>Etiquetaxe, rexistro e conservación dos extractos.</p> <p>Bioinformática. Bioloxía computacional e informática biomédica.</p> <p>Técnicas electroforéticas.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Extracción de proteínas - Realizar extracción de proteínas a partires de diferentes mostras	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos procedementos de obtención de proteínas a partires de mostras naturais. Elaboración de protocolos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de cuestionarios referentes ao tema Realización de procedementos que permiten a obtención e identificación de disolucións que conteñan proteínas a partires de mostras naturais 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión dos principios aplicables na extracción de proteínas Disolucións con proteínas 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenador e canon de proxección Laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 LC.2 OU.1 PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 PE.5 PE.6 PE.7 TO.1 TO.2 TO.3 TO.5 TO.6 TO.7 	4,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Métodos cromatográficos - Separación por cromatografía (en papel, acetato, TLC) de aminoácidos e proteínas	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación das bases teóricas das técnicas de electroforese • Elaboración de apuntes, cuestionarios e protocolos para a realización das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguemento da explicación • Resolución dos cuestionarios correspondentes ao tema • Realización dunha cromatografía en papel (Separación dos pigmentos de follas de plantas) • Realización dunha cromatografía en capa fina (TLC) dunha mezcla de aminoácidos • Realización dunha cromatografía en papel dunha mezcla de aminoácidos • Realización dunha cromatografía en tiras de acetato de celulosa de plasma sanguíneo 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario resolto sobre os contidos teóricos • Cromatograma en papel dos pigmentos dunha folla • Cromatograma en papel • Placa de TLC • Cromatograma en tiras de acetato de celulosa 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula virtual. Ordenador e canón • Laboratorio: cubeta para cromatografía, Planchas TLC, papel de cromatografía Whatman nº 1, tiras de acetato de celulosa • Reactivos e mostras 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • OU.1 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.6 • PE.7 • TO.1 • TO.2 • TO.3 • TO.5 • TO.6 • TO.7 	6,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Métodos electroforéticos - Realizar separacións de proteína e aminoácidos mediante métodos electroforéticos	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación das bases teóricas das técnicas electroforéticas • Elaboración de apuntes, cuestionarios e protocolos para a realización das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguemento da explicación • Resolución dos cuestionarios correspondentes ao tema • Preparación de xeles de agarosa para electroforese • Realización práctica de determinación de peso molecular de proteínas mediante electroforese en SDS-PAGE 	<ul style="list-style-type: none"> • Xeles para a súa utilización nunha electroforese • Cuestionarios da materia resoltos • Observación do xel de electroforese e determinación do peso molecular das proteínas dunha mezcla 	<ul style="list-style-type: none"> • Cubeta de electroforese horizontal e vertical • Agarosa, tampóns axeitados e reactivos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • OU.1 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.7 • TO.1 • TO.2 • TO.3 • TO.4 • TO.5 • TO.6 • TO.7 	6,0
					TOTAL	16,0



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os ácidos nucleicos: extracción e purificación	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Extrae proteínas e ácidos nucleicos, e relaciona a técnica seleccionada coa matriz da mostra.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender a obter ADN de diferentes mostras biolóxicas seguindo o protocolo axeitado	1	Extracción de ácidos nucleicos	12,0
1.2 Seleccionar o protocolo a utilizar tendo en conta os usos posteriores do ADN			
2.1 Aprender a utilizar o equipo necesario para utilizar técnicas de electroforese para separar moléculas de ADN	2	Separación de fragmentos de Ac. nucleicos	6,0
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as condicións de asepsia e de manipulación e eliminación de residuos.	• LC.1	S	12
CA1.2 Preparouse a mostra, os materiais e os reactivos consonte o material que se vaia extraer.	• TO.1	S	11
CA1.3 Descríbense os materiais e os reactivos necesarios para a extracción, con explicación da base científica e tecnolóxica en que se basean.	• LC.2	S	11
CA1.4 Efectuouse a calibraxe e o mantemento dos equipamentos.	• TO.2	S	11
CA1.5 Descríbense as fases do proceso de extracción.	• PE.1	S	11
CA1.6 Engadíronse os reactivos en orde para extraer o fragmento seleccionado da cadea.	• TO.3	S	11
CA1.7 Identifícanse as fontes de contaminación cruzada de mostras e soportes.	• PE.2	S	11
CA1.8 Efectuouse o rexistro, a etiquetaxe e a conservación dos produtos extraídos para a súa posterior análise.	• TO.4	S	11
CA1.9 Aplicáronse as pautas de prevención fronte a riscos biolóxicos.	• TO.5	S	11
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Material, reactivos e aparellos do laboratorio de biotecnoloxía.
0Eliminación de residuos.



Contidos
Normas de asepsia e seguridade.
Seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento de equipamentos.
Xestión dos residuos.
Manipulación de mostras en biotecnoloxía.
Contaminantes que poden afectar á mostra durante á súa preparación.
Rexistro e conservación de mostras.
Preparación de mostras.
Preparación de medios e equipamentos.
Técnicas de extracción de ácidos nucleicos.
Etiquetaxe, rexistro e conservación dos extractos.
Bioinformática. Bioloxía computacional e informática biomédica.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Extracción de ácidos nucleicos - Obtención de ADN utilizando diferentes protocolos	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación das bases teóricas do procedementos de extracción de ADN • Elaboración de apuntes, cuestionarios e protocolos para a realización das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguemento da explicación • Resolución dos cuestionarios correspondentes ao tema • Obtención de ADN de chicharos/ carne de pavo utilizando produtos presentes na casa • Obtención de ADN a partir da súa saliva • Obtención de ADN partindo de outro tipo de mostras (sangue, tecidos, cultivos bacterianos) utilizable na PCR 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios da materia resoltos • Obter e observar Adn "de visu" • Obtención e conservación do seu propio ADN • Obter e conservar ADN human, para o seu posterior uso na PCR 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador e canón, aula virtual • Material xeral de laboratorio: vidro, auga destilada • Fairy ou similar, ablandador de carne, alcohol etílico, batedora • Kit de extracción de ADN "Danaextractor saliva" • Kit de extracción de ADN "Danagene spingenomic DAN kit" 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • PE.1 • PE.2 • TO.1 • TO.2 • TO.3 • TO.4 • TO.5 	12,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Separación de fragmentos de Ac. nucleicos - Purificación e obtención de diferentes fragmentos de ADN en función das súas características (pm, carga eléctrica)	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación das bases teóricas dos procedementos de separación de ADN • Elaboración de apuntes, cuestionarios e protocolos para a realización das prácticas 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguemento das explicacións • Resolución dos cuestionarios • Realización de electroforeses de ADN en xel de agarosa 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes, cuestionarios e protocolos necesarios • Cuestionarios solucionados • Xeles de agarosa 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador, canón, aula virtual • Cubeta de electroforese horizontal, fonte de alimentación • Tampón de electroforese, agarosa • Mostras co ADN 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • PE.2 • TO.1 • TO.2 • TO.5 	6,0
TOTAL						18,0



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Tecnoloxía do ADN recombinante	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Extrae proteínas e ácidos nucleicos, e relaciona a técnica seleccionada coa matriz da mostra.	NO
RA2 - Clona ácidos nucleicos aplicando os procedementos de bioloxía molecular.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analiza-los métodos de obtención de fragmentos de ADN específicos	1	Enzimas de restricción	8,0
1.2 Aprender-anque sexa utilizando simulacións- como se utilizan as enzimas de restricción nun laboratorio			
2.1 Comprender o método empleado para incorporar ADN extraño nun microorganismo	2	Transformación bacteriana	10,0
TOTAL			18

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as condicións de asepsia e de manipulación e eliminación de residuos.	• TO.1	S	10
CA1.2 Preparouse a mostra, os materiais e os reactivos consonte o material que se vaia extraer.	• TO.2	S	10
CA1.5 Descríbense as fases do proceso de extracción.	• PE.1	S	10
CA1.9 Aplicáronse as pautas de prevención fronte a riscos biolóxicos.	• TO.3	S	10
CA2.1 Aplicáronse técnicas de bioinformática para a procura de información e a realización de simulacións.	• PE.2	S	10
CA2.2 Descríbiuse como se obtén unha secuencia de ácidos nucleicos recombinante usando un diagrama de fluxo.	• PE.3	S	10
CA2.3 Descríbense os materiais e os reactivos necesarios, con explicación da base científica e tecnolóxica en que se basean.	• PE.4	S	10
CA2.4 Preparáronse os materiais, os equipamentos e os reactivos.	• LC.1	S	10
CA2.5 Efectuouse o corte e a unión de fragmentos de ácidos nucleicos empregando encimas de restricción e ligasas.	• TO.4	S	5
CA2.7 Identifícase o vector de clonación acaído para o xene illado.	• PE.5	S	5
CA2.8 Efectuouse a introdución do vector no hóspede axeitado.	• TO.5	S	5
CA2.10 Aplicáronse as normas de seguridade e de protección ambiental.	• TO.6	S	5
TOTAL			100



4.4.e) Contidos

Contidos
